



ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio



EMPRESA

Nadal de premios entre os comercios asociados ao CCA-Asetem P4

MELIDE

Traballadores municipais barallan levar á xustiza as súas demandas P10

COMARCA

Unha senda peonil para mellorar a seguridade en Santiso P13

ENTREVISTA



Sandra Aldrey, Borboriño Xeado P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 155. Decembro 2018. Distribución gratuíta

Melide dispón de novo tanatorio trala inauguración de El Mueble

Tras varios anos co proxecto en marcha, Melide dispón dende hai unhas semanas dun novo tanatorio situado ás aforas e completamente equipado. A nova infraestrutura, impulsada por José Luis Silva Ríos e os seu socios, componse de catro salas, capela, unha ampla entrada e mesmo servizo de cafetería. As instalacións, que foron deseñadas con carácter vangardista e moderno, dispoñen dun aparcadoiro con capacidade para máis de setenta vehículos. P3



Melloran as instalacións do Centro de Formación



Un investimento de 100.000 euros por parte da Xunta permitiu a renovación completa do Centro de Formación de Melide no que se imparten cinco cursos. P12

Malestar entre os pais dos alumnos do conservatorio



Enfado monumental entre os pais que ven como o atraso no inicio do curso no conservatorio de Melide pasa factura ao rendemento dos seus fillos. P10

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

29 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

A información é poder

Ao peche desta edición ían vinte e nove “venres negros” na CRTVG, vinte e nove que van camiño de converterse en trinta, corenta e quen sabe cantos máis de continuar facendo oídos xordos ás reivindicacións dos traballadores da entidade pública.

Para quen non saiba aínda de que falamos, os “venres negros” son a forma pola que optaron os empregados públicos da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) para protestar pola manipulación e o desmantelamento ao que nos últimos anos se está vendo sometido o organismo. Cada venres os profesionais da radio e televisión públicas visten de loito para demandar “uns medios públicos ao servizo da sociedade” e o “cumprimento íntegro da Lei de Medios”.

Que cada un varra para a súa casa pode parecer o máis lóxico a non ser que, coma neste caso, se trate da casa de todos, é dicir, de organismos públicos que en teoría deberían estar ao servizo de todos. E precisamente iso mesmo é o que vén de denunciar o PSdeG-PSOE de Melide en relación á emisora local pública Radio Melide. Segundo afirman, a manipulación dos informativos da radio municipal en beneficio do Goberno local “é absoluta”, utilizando esta como

“un medio de comunicación do PP”.

Desde logo o que nos sorprende é que non se teña denunciado antes, pois calquera que escoite as súas emisións informativas pode comprobar como os titulares máis escoitados, por non di-



cir case os únicos, son “o Concello de Melide”, “a Xunta de Galicia”, “o Concello de Melide” e de novo a “Xunta de Galicia”.

Isto non sería cuestionable se, na mesma medida, se lle dese voz ao resto de opcións políticas. E é que como cidadáns temos o dereito a ser informados dun xeito plural por parte dos servizos que pagamos todos e a coñecer os diferentes puntos de vista no canto de escoitar monólogos políticos.

Ao igual que na CRTVG, ninguén pon en dúbida a profesionalidade das súas traballadoras; o que si é cuestionable é que dende o

Goberno municipal “se escuden nelas” precisamente para non dar visibilidade a outro tipo de opinións que distan moito de ser semellantes ás do Partido Popular e ás do Goberno local.

O máis sangrante de todo isto é que ao final os prexudicados, coma sempre, somos os cidadáns, todos os cidadáns sen distinción de cores políticas. Poñamos un exemplo. Os pais e nais do colexio de Arcediago, en Santiso, protestaron e pelexaron durante semanas pola supresión dun profesor no centro educativo. Alguén escoitou a máis mínima referencia a esta reivindicación na radio municipal?

Os máis escépticos poden pensar que ao tratarse precisamente dunha radio municipal as noticias doutros concellos non teñen cabida, pero nin ese argumento é sostible cando se enchen os minutos dos informativos contanto as bondades e actuacións que fai a Xunta -única e exclusivamente a Xunta- en municipios como Arzúa, Agolada, Pallas de Rei, Boimorto e moitos outros concellos que tampouco pertencen á comarca.

A información é poder, e iso sábeo ben quen a manexa. Como cidadáns temos o deber de reclamar unha información plural e diversa, e máis cando sae do peto de todos.

Tribuna de opinión

Abonda xa de promesas

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Foto: GM

Como asociación de empresarios que somos non podemos amosarnos máis que sorprendidos ante o anuncio feito por parte de Augas de Galicia en relación a que a Xunta terá redactado “a principios do vindeiro ano” un proxecto para resolver os problemas de saneamento do polígono industrial da Madanela. Para “resolver”... nin máis nin menos.

É curioso que durante anos as empresas instaladas no parque empresarial tivesen que convivir co problema que supón dispor dunha rede de saneamento, pero non de depuradora, e que agora en escasos meses sexa factible unha solución. De ser así, a primeira pregunta que se nos ocorre é por que non se fixo antes? De verdade hai interese en solucionar os problemas de saneamento do parque empresarial de Melide? Ou estamos de novo ante unha promesa electo-

ral máis?

Somos coñecedores das múltiples peticións de información e denuncias realizadas por parte da Asociación Veciñal Melidá a Augas de Galicia sobre este tema e, en consecuencia, das multas que durante anos leva pagando o Concello de Melide por verteduras contaminantes dende o polígono ao río Furelos (multas que se pagan co diñeiro de todos). E ante todo isto, que fixeron ata o de agora? Redactar proxectos, exactamente o mesmo que o que acaban de anunciar hai escasas semanas.

O crecemento do parque empresarial da Madanela non pode continuar suxeito a estas cuestións. Se de verdade queremos que outras industrias se asentem no noso polígono esta non é a mellor carta de presentación. Abonda xa de promesas e anuncios; precisamos de solucións reais e precisámolas xa.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Emilio Ares, Xosé Núñez e alumnas do IES Melide

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

El Mueble inaugura tanatorio en Melide

As instalacións constan de catro salas totalmente equipadas e unha pequena capela, entre outros servizos

Era un dos servizos máis demandados en Melide nos últimos tempos e vén de inaugurarse hai escasas semanas. Falamos de Tanatorio El Mueble, impulsado por José Luis Silva Ríos xunto aos seus socios José Luis Rúa López e os irmáns de Sobrado, José e Jesús Valiño Lea.

Foron moitos anos traballando nunha idea que por fin se materializou. “Levábamos coa intención de montalo desde hai xa vinte anos; daquela tiñamos o plano feito, pero ao final non nos deron o permiso no Concello así que o tema paralizouse. Máis tarde estableceuse o velorio municipal, pero pasados uns anos démonos conta de que este servizo seguía sendo imprescindible e moi necesario para Melide. Pensamos entón que igual era o momento de intentalo de novo e finalmente, desta vez, si conseguimos todos os permisos”, explica José Luis Silva.

Tras crear unha sociedade a finais do ano 2016, agora atenden entre todos os servizos que poidan xurdir. “Se a eles lles fai falta unha man nós axudámoslles, e cando nos fai falta a nós axúdannos eles”, engade.

Amplas instalacións

Situado na Rúa Ourense - nº1, Tanatorio El Mueble dispón dunhas amplas instalacións deseñadas con carácter moderno, vangardista e acolledor. “Tratamos de evitar que a xente se sentise nun ambiente fúnebre, para iso démoslle luz e claridade con amplas vidreiras. Ten capacidade na entrada para unhas 470 persoas, dispón así mesmo de catro salas grandes, dúas delas con reservado propio para a familia, para que poidan retirarse ao que necesiten sen que ninguén os moleste, e en todas as salas hai aseo propio á parte dos aseos públicos loxicamente”, sinalou José Luis.

As instalacións contan ademais con cafetería e tamén cunha pequena capela “para que no momento que os sacerdotes e a familia o crean conveniente poidan celebrar alí os funerais; é dicir, a intención é facilitarlle as cousas aos familiares que así o desexen e que non teñan que desprazarse xa do tanatorio”.

A maiores, o tanatorio dispón de columbario para gardar as

urnas coas cinzas, aparcadoiro privado e a correspondente zona de recepción e oficinas. “A zona privada de aparcadoiro remataremos de acondicionala en canto cesen as choivas e, en canto estea listo terá capacidade para uns setenta vehículos aproximadamente. Ademais hai sitio suficiente no exterior do tanatorio para estacionar”, apuntou José Luis.

Dende a súa posta en funcionamento xa foron varios os servizos realizados, mostra clara da necesidade doutro tanatorio en Melide; non obstante, José Luis deixa claro que ambas instalacións, tanto a privada como o velorio municipal son totalmente compatibles. “Queremos transmitirle á xente que nós continuaremos traballando exactamente igual a como o viñamos facendo; é dicir, aquelas persoas que soliciten ir para o velorio municipal seguirán indo para alí igual que sempre, porque ambos servizos son compatibles”.

Tanto é así que a relación de prezos entre o servizo municipal e El Mueble é a mesma, coa única excepción de que o prezo no tanatorio El Mueble inclúe xunto ao aluguer da sala un servizo de catering.

Décadas de traballo familiar

Coa posta en marcha do tanatorio El Mueble dáse continuidade a unha empresa familiar que leva ao fronte do negocio funerario sesenta anos. “Os fundadores da empresa foron meu pai, Elisardo Silva, e o seu socio, Luis Castro; e agora continuamos nós, Rúa e eu. De feito, o nome de El Mueble vén precisamente de que eles tiñan unha fábrica de mobles, despois unha tenda onde os vendían e, para que seguise a empresa, como eran coñecidos por ‘os do Mueble’, cando montaron a funeraria seguiron co mesmo nome”.

Pola súa parte, os Servizos Funerarios El Mueble están a disposición dos usuarios as 24h do día encargándose de todo tipo de detalles: preparativos, necrolóxicas, flores, seguros, traslados a calquera punto, etc. “Realizamos traslados nacionais e internacionais, incineracións, exhumacións, retiradas de restos e encarga e gravación de lápidas e placas tanto en mármore como en aceiro”.



Arriba, José Luis Silva Ríos na zona de recepción e, abaixo, zona de columbarios, entrada e zona de cafetería, unha das salas coa seu respectivo reservado, capela e exterior do tanatorio El Mueble





SERVICIOS FUNERARIOS

EL MUEBLE, S.L.

Tlf. 24h: 981 50 50 89
Tfnos.: 609 46 89 00 - 659 45 00 80
Rda. de Pontevedra, 2 - 15800 MELIDE

www.funerariaelmueble.es
elmueblesl@hotmail.com
Tanatorio El Mueble - R/Ourense, 1 (Melide)

Máis de 6.000 euros en premios para este Nadal

Un ano máis o Centro Comercial Aberto Asetem pon en marcha a campaña “Nadal en Melide” co único obxectivo de fomentar as compras no pequeno comercio. Para iso, dende o pasado 1 de decembro e ata o vindeiro 11 de xaneiro repartiranse 70.000 rifas entre todos aqueles que realicen as súas compras nos establecementos asociados. Ese día, o venres 11 de xaneiro, celebrárase a partir das oito e media da tarde, na Casa da Cultura de Melide, unha gala na que terá lugar o sorteo dos premios ante notario.

A principal novidade desta edición radica en que será o actor, presentador e guionista galego Manuel Manquiña o encargado de presentar o evento. Ademais, no transcurso da gala actuará co seu grupo *Los Fabulosos Weenkend*.

Nesta edición, e por segundo ano consecutivo, volven a repartirse 6.200 euros en premios distribuídos en un de 2.000 euros, dous de 1.000, catro de 500 e un adicional de 200 euros entre os asistentes á gala. O sorteo celebrárase ás 21.00 horas ante notario. “Cómpre destacar que os premios non son en metálico, senón en vales de compra para volver a investir entre o comercio local”, destacou a xerente de Asetem, Pilar López.

Preto de 90 establecementos participantes

Mantendo a liña de anos anteriores, este ano participan preto de 90 establecementos asociados. “Chegamos a un

punto no que é difícil continuar aumentando o número de participantes porque practicamente participan todas as empresas que temos asociadas, así que dificilmente podemos subir dese límite. Dende Asetem dámonos por satisfeitos con seguir mantendo esa cifra porque iso demostra que non diminúe o interese na campaña de Nadal”. Na edición pasada participaron un total de 89 comercios de todo tipo de sectores. “É unha campaña aberta aos socios de todos os ámbitos, iso permítenos que teña maior difusión e mellores resultados”, engadiu a xerente.

Pola súa parte, o funcionamento da campaña rexeráse polo mesmo sistema de sempre. Cada establecemento repartirá as rifas de forma gratuíta entre os seus clientes con cada compra realizada. Este ano o número de rifas a distribuír será de 70.000; unha cantidade que adoita repartirse na súa totalidade. Na última edición o número de rifas foi lixeiramente inferior, repartíndose un total de 65.000 papeletas.

Unha vez realizado o sorteo, os afortunados terán ata o 31 de xaneiro ás 13.00 horas para recoller o premio nas oficinas de Asetem. “De non aparecer ese día a esa hora, o premio pasará ao número de reserva e, en caso de que este tampouco apareza, quedará deserto”, indicou Pilar López.

A campaña de Nadal está organizada polo Centro Comercial Aberto Asetem en colaboración co Concello de Melide e a Xunta de Galicia.

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

M^a LUISA PEREIRO, Modista (R/Doutor Fleming, 3 - Tlfn.: 981 50 50 23)

“A moda feita a man empeza a valorarse”



A modista María Luisa Pereiro no seu taller en Melide

moito porque aínda se confunden costureira e modista; costureira é a que cose, e modista é a que fai todo. Non hai tanto valorábase máis ao deseñador que á modista, pero co tempo viñeron grandes profesionais como Petro Valverde ou Lorenzo Caprile que se fixeron chamar modistas, e iso foi callando pouco a pouco. Ademais, hai que ter en conta que o traballo dunha modista non o vas a ver repetido, porque son pezas pensadas e deseñadas en exclusiva, e a xente valora iso; a exclusividade que podes ofrecerlles e tamén que sexan pezas máis accesibles.

Como comezou vostede neste mundo?

M^a Luisa Pereiro (L.P.): Tiña 15 anos cando empecei a coser. Ao principio non me gustaba moito, pero pouco a pouco funme enganando. Estiven dous anos cunha modista e máis tarde con outra que xa abarcaba todo; facía vestidos de noiva, moda de festa etc. Logo durante unha época traballei na casa de meus pais para fóra empezando polo máis básico, cortando fíos, facendo cintos e mesmo traballei para Royca na súa época, ata que un día me chamaron de Silvia Novias para ser a modista da súa tenda. Aí estiven máis de nove anos. Despois tiven un parón por motivos persoais e cando me recuperei quixen volver a traballar, pero tiña que buscar un traballo no que compaxinar a miña vida familiar coa miña profesión e finalmente volví ao mundo da moda. De feito, aínda recordo cando abrín o perfil profesional de Facebook, o 8 de febreiro de 2015. A partir de aí fixen unha colección de vestidos de festa e xa comezou a chegar de novo o traballo.

Que tipo de traballos realiza?

L.P.: O que máis me demandan é moda de festa. Fago arranxos tamén, pero coso a medida só para mulleres, aínda que pode haber algunha excepción en roupa de nenos. E en canto aos deseños, realizo todo o proceso, desde plasmar o deseño coa cliente, asesoralala, escoller as telas e por suposto elaborar a peza e realizar as probas.

Cal foi a peza máis complicada para vostede?

L.P.: O que máis traballo me deu foi quizais o vestido de noiva que desfilou na última pasarela Melide Está de Moda, porque foi moi laborioso executar cada pico, cada forma, o corte, etc.

É complicado vivir desta profesión?

L.P.: Pódese vivir disto, tes que traballar moitas horas, como na maioría dos traballos hoxe en día, pero pódese vivir sobre todo se te dedicas á moda de festa e noiva.

Valoramos a moda feita a man?

L.P.: Empeza a valorarse. Custou

Canto tempo emprega en elaborar un deseño?

L.P.: Moitísimo, non lle boto a conta porque primeiro hai que falar coa cliente para saber que é o que quere exactamente, logo pides as telas, porque eu sempre digo que primeiro miramos o modelo e despois buscamos as telas axeitadas para ese modelo, e despois aínda depende moitísimo do modelo e as probas que teñas que facer. Eu case diría que días e, nalgúns casos, se é un vestido de noiva complicado, ata semanas de traballo.

Que é o máis difícil dunha peza?

L.P.: A modelaxe; é dicir, cortar e adaptar a prenda á persoa e que esta lle quede perfecta.

Que lle diría a unha persoa que quere dedicarse a esta profesión?

L.P.: Que lle ten que gustar moitísimo porque, como en todas as profesións, se non hai vocación vai ser máis complicado. É un oficio moi sacrificado, pero se che apaixona a moda e a creatividade todo será máis doado.





Floristería Maru / María Cabado

Floristería MARU

www.floristeriamaru.es

Feliz Navidad

Telfs. 981 50 75 80
607 507 579

floristeria.maru@gmail.com

Rúa do Convento, 9 · 15800 · A Coruña




Taller de empaquetado de regalos



Por terceiro ano consecutivo o Centro Comercial Aberto Asetem organizou un taller de empaquetado e confección de agasallos dirixido aos comerciantes asociados. O obradoiro celebrouse nas instalacións da Asociación de Empresarios o pasado 3 de decembro e foi impartido por Margarita Iglesias, membro da xunta directiva da patronal. O obxectivo non foi outro que achegar conceptos básicos para a decoración dos escaparates e aprender a facer empaquetados diferentes e orixinais para os agasallos que se mercan nestas datas de Nadal. Na xornada participaron preto dunha deca de comerciantes.

Cata de espumosos en Ribeirao



A viñoteca Ribeirao de Melide organizou o pasado mes de novembro unha nova cata. Esta vez foi de viños espumosos pertencentes a oito bodegas distintas. Á cita acudiron en primeiro lugar diferentes profesionais do sector e, máis tarde, numerosas persoas e afeccionados que puideron degustar os espumosos. A próxima cita será o venres 14 de decembro cunha cata de champagne a partir das 20.30h. O prezo por asistencia é de 20 euros.

Recollida solidaria de alimentos



CLÍNICA DENTAL
Dr. Karim Gamil Quintela



Por cada kilo que dones, nosotros donamos otro

CAMPAÑA NAVIDEÑA DE RECOGIDA DE ALIMENTOS NO PERECEDEROS

Hasta el 5 de enero

A clínica dental Karim Gamil Quintela de Melide colabora con Cáritas na campaña de Nadal de recollida de alimentos non perecedeiros. Así, por cada quilo de alimento que unha persoa achegue ata o vindeiro 5 de xaneiro, dende a clínica dental doarán outro quilo máis.

SABER DE LEI



Reclamacións por accidentes de tráfico: novidades introducidas



E&M AVOGADOS

Cando nos encontramos ante un accidente de tráfico é importante saber que é indemnizable e quen pode reclamar a indemnización. A Lei 35/2015 de 22 de setembro establece que dará lugar a unha indemnización: as lesións temporais, as secuelas e a morte. Con esta normativa identifícanse novos prexudicados e novos conceptos resarcibles que non estaban recollidos ata entón. Así, este baremo recolle as indemnizacións por dano patrimonial (dano emerxente e lucro cesante) que anteriormente non estaba sistematizado. A Lei 35/2015, de 22 de setembro distingue entre o “prexuízo persoal básico”, os “prexuízos particulares” e o “prexuízo patrimonial” que, a súa vez, distingue entre dano emerxente e lucro cesante. Todos eles se cuantifican de maneira separada.

Unha importante novidade que inclúe a citada normativa son os beneficiarios da indemnización por accidente de tráfico. Ademais da vítima, serán beneficiarios en caso de falecemento: cónxuxe, ascendentes, descendentes, irmáns e achegados á vítima. Entendemos como achegados e segundo o artigo 67 da citada lei: “aquelas persoas que, sen ter a condición de prexudicados segundo as regras anteriores, houberon convivido familiarmente coa vítima durante un mínimo de cinco anos inmediatamente anteriores ao falecemento e fosen especialmente próximas a ela en parentesco ou afectividade”.

Outra importante novidade é a aparición do médico forense nestas reclamacións. O Real Decreto 1148/2015 de 18 de decembro, polo que se regula a realización de pericias a solicitude de particulares polos Institutos de Medicina Legal e Ciencias Forenses, nas reclamacións extraxudiciais por feitos relativos á circulación de vehículos a motor remata con esta situación e dá a posibilidade tanto ao prexudicado como ao asegurador de someter as lesións a unha valoración imparcial e independente para intentar acadar unha solución extraxudicial. Denominaranse Informes Periciais do Instituto de Medicina Legal e Ciencias Forenses (IMLCF) e **poderán solicitarse de mutuo acordo** entre prexudicado asegurador ou por calquera deles de **forma autónoma**. En caso de solicitalo de forma individual por parte de prexudicado o Instituto de Medicina Legal (IML) comunicarao de inmediato á compañía aseguradora.

E&M AVOGADOS
Ana Mato e Iria Expósito

Rúa Xesús Carro 15, 2,
Melide
Tlfs: 605 270 282
671 833 425

POR SER DE XUSTIZA

A protección dos maiores



Eva Novás
Avogada

Cada vez estamos máis concienciados de que existen colectivos na nosa sociedade que merecen unha especial protección, como ocorre coa infancia ou coas vítimas de violencia de xénero. Tal debora ser o caso das persoas maiores, sobre todo cunha poboación cada vez máis avellentada. A vellez non é, nin moito menos, sinónimo de incapacidade. Nin calquera mingua dalgunhas facultades co paso dos anos pode equipararse a unha incapacidade. Pero si é necesario ser conscientes de que as persoas maiores son máis vulnerables e, como tales, dignas de especial atención ás súas concretas circunstancias e de todo o respecto e consideración como pilar fundamental que son da familia e da sociedade.

É certo que a vellez pode traer asociadas enfermidades dexenerativas ou síntomas de demencia que fagan necesario un procedemento de incapacidade e a tutela do maior, coa finalidade de asistilo e protexelo debidamente. Pero, por desgraza, non son infrecuentes os casos de persoas maiores que teñen un bo estado de saúde mental pero sofren enfermidades físicas e psíquicas debido ó maltrato ou ó comportamento delituoso das persoas do seu arredor ou dos seus propios cuidadores. De modo que se confundan estes síntomas, consecuencia dunha situación de abuso, cunha enfermidade consecuencia da vellez.

A violencia e o abuso contra os maiores pode ser de moitos tipos, xa sexa física, psíquica, sexual ou económica. Compre recordar que existe un deber legal e cívico de denunciar os delitos que se presenciaren e dos que se teña coñecemento. Aquí xogan un papel fundamental os servizos sociais e asistenciais, así como os profesionais do ámbito médico e da xeriatria, que deben poñer en coñecemento das autoridades xudiciais os feitos que consideren propios dunha situación de risco, pois existen moitos delitos que son máis fáciles de cometer se a vítima é unha persoa máis vulnerable por razón de idade, aínda que non sexa incapaz.

Ademais de medidas civís de protección para casos de incapacidade, como poden ser todas as relacionadas cos procesos de tutela, así como as institucións de apoio e protección que existen no ámbito administrativo, debemos ter presente que existen medidas de intervención no ámbito penal que poden ser moi eficaces e que non están reservadas só para protexer colectivos como a infancia ou as vítimas de violencia de xénero. No caso de que se constate unha situación obxectiva de risco, os maiores poderán ser beneficiarios dunha orde de protección, que as autoridades xudiciais poderán adoptar incluso sen que a vítima a solicite.

Pensemos naqueles casos nos que os anciáns son vítimas de violencia doméstica por parte das persoas coas que conviven ou das encargadas de coidalos. Só mediante a correspondente denuncia se poderán poñer en marcha todas as medidas necesarias para a protexelos: acordar o afastamento e a prohibición de comunicación por parte do agresor, ordenar a saída deste do domicilio e atribuírlle o uso da vivenda á vítima, regular a prestación de alimentos e adoptar todas as medidas correspondentes de protección patrimonial. Para o caso de que a persoa maior fose ademais incapaz, a lei prevé a agravación da pena que corresponde ós delitos cometidos contra este tipo de vítimas, da mesma forma en que o fai no caso dos menores de idade.

A vellez non pode xustificar a restrición dos dereitos dos maiores, tales como a non ser discriminados por razón de idade, á súa integridade física e moral, á súa intimidade, á súa participación na vida social e o seu acceso ó ocio e á cultura, ademais do acceso ás prestacións sociais e asistenciais e a unha correcta atención para o caso de atoparse en situación de dependencia ou de risco.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

EXENCIÓN EN IRPF DAS PRESTACIÓNS POR MATERNIDADE/PATERNIDADE PERCIBIDAS DA SEGURIDADE SOCIAL

A Sentenza 1462/2018 do Tribunal Supremo determina que as prestacións de maternidade percibidas da Seguridade Social están exentas de tributar polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A Dirección Xeral de Tributos interpreta que esta doutrina tamén é aplicable ás prestacións por paternidade.

Isto na práctica supón que estas prestacións non teñen retención nin se inclúen no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, polo que as persoas que no seu día as incluíron poden neste momento solicitar a rectificación das declaracións presentadas que non prescribisen. Os contribuíntes que non teñen retencións ou que xa se lles devolveron todas, non é necesario que rectifiquen o imposto presentado, xa que non van a percibir cantidade algunha.

O prazo que se estipula dende facenda para solicitar a rectificación é dende o 3 de decembro para os anos 2014 e 2015 e dende xaneiro do 2019 para os anos 2016 e 2017, ata prescrición dos mesmos.

O procedemento pódese facer tanto de forma telemática na páxina web de facenda, como presencial en calquera administración de facenda.

Información elaborada
por CC Xestión

Un proxecto europeo visita Dairylac durante o seu Foro Final

Os pasados 29 e 30 de novembro celebrouse en Galicia o Foro Final do proxecto europeo AGROSMARTcoop que reuniu a representantes de oito entidades españolas, francesas e portuguesas que desenvolven o citado proxecto para o fomento da integración, a competitividade e o crecemento económico intelixente das cooperativas nestes países. Á cita acudiron tamén representantes de cooperativas galegas de todos os sectores agroalimentarios. Neste senso, o día 29 o programa de actividades comezou cunha visita a Dairylac, a industria láctea da cooperativa Aira, con sede no Polígono Industrial de Madanela, e que se atopa en fase de probas dunha innovadora planta de tratamento de derivados lácteos, como ingredientes para industria alimentaria ou de alimentación infantil. A continuación, xa no centro de Melide, desenvolveuse o evento "Boas Prácticas para a Innovación Tecnolóxica Sustentable" onde se trataron novas tendencias en derivados lácteos, a integración de cooperativas e as boas prácticas na produción de queixos.

CLUN, na Comisión Europea

A Comisión Europea organizou os días 6 e 7 de decembro a súa Conferencia anual sobre Perspectivas da Agricultura da UE, nesta ocasión baixo o título "O futuro da alimentación e a agricultura: alimento para a reflexión", no que se debateron os retos do sector



Foto: AGACA

agrario. Cooperativas Agro-alimentarias de España adoita ser unha das organizacións invitadas a participar neste foro para dar o seu punto de vista sobre os mercados e as perspectivas dos distintos sectores. Nesta ocasión participou Mónica Landeira, gandeira galega da cooperativa CLUN, para expoñer o papel das cooperativas na valorización da produción e na loita contra o cambio climático. Mónica é propietaria dunha explotación de 100 vacas cunha produción anual de 600.000 litros.

Tchin Tchin
ESPECIAL FIESTAS

EL 2º Y 3º PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

EL 3º PARA TI O PARA QUIEN TÚ QUIERAS



Ref.: ZACK BRBK

*Ver condiciones en óptica.
Oferta válida hasta el 31/01/19.

RONDA DA CORUÑA, 16 · MELIDE
981 50 60 97

ALAINAFFLELOU

ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Peluquería
Coral



Tfns.: 981 50 53 23
667 68 27 71
Rúa Joaquín Gundín, nº 7
(Melide)

TAXI en Melide



María Jesús Vázquez 667 682 771

*Ser
impecable
está
de moda*



CALIDAD E HIGIENE ALIMENTARIA

www.plagostel.com
Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPD)

Analíticas alimenticias | Laboratorio
Legionela | Control de plagas
Manipulación alimentos | Formación

comercial@plagostel.com | 986 118 714 | 698 163 399

DUSA
sistemas de elevación
para su vivienda o negocio

Ancéis, 34
15181 CAMBRE (A Coruña)
M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
dusagalicia@dusagalicia.com
www.dusagalicia.com

¡Feliz Navidad!

**Ascensores
y Montacargas**



Especial rehabilitaciones Espacios Reducidos

Rehabilitación hueco de 700 x 1380 mm

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICastábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE
AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE
ÓPTICA
E. 15-001238

Os traballadores municipais barallan reclamar perante a xustiza a actualización da RPT

Lonxe de solucionarse, a situación dos traballadores municipais do Concello de Melide vai camiño de converterse nun conflito de maiores dimensións. “Sentímonos aínda máis enganados e defraudados porque a alcaldesa non fixo o que prometeu; ía facer un estudo de viabilidade económica para saber o custe que tiña a modificación da RPT, e nin iso”, din. Levan tempo reclamando a actualización da RPT e a consolidación de emprego, por iso, anuncian “cada vez colle máis peso entre os traballadores a opción de reclamar perante a xustiza, polo menos, a actualización da RPT”.

Dos sindicatos despréndese unha idea xeneralizada de parálise e falta de vontade negociadora. “Estamos á espera, o tempo pasa, non se conseguen logros nin avances e pola nosa parte estamos dispostos desde o primeiro día, pero por parte do Concello é certo que está habendo mesas pero non hai nada efectivo nin nada claro”, apuntan dende a Central Sindical Independente e de Funcionarios (CSIF). “Os traballadores de Melide levan moitos anos reivindicando melloras nas súas condicións e todo o que reivindicamos é xusto, legal e a demais pódese facer”, engaden.

Dende Comisións Obreiras van máis aló. “Hai moito tempo que nós intentamos ter negociacións no Concello de Melide e nin con esta alcaldesa nin coa anterior se conseguíu nada, teñen un desprezo absoluto polos empregados públicos; o único que fan sistematicamente é bloquear a negociación colectiva que é un dereito dos traballadores”.

Na última mesa de negociación, celebrada no mes de novembro,

CC.OO. presentou unha proposta. Dende o sindicato apuntan que “nesa mesma mesa quedouse de presentarnos o día 3 de decembro un informe sobre un estudo retributivo e un análise para ver o complemento de destino que podía corresponder aos traballadores, e a día 10 non recibimos nada; estamos na situación de sempre, non cumpren o acordado nas mesas de negociación e vai chegar un momento no que todo isto explotará porque, efectivamente, os traballadores están moi cansados”.

E dende a CIG máis do mesmo; “vemos que non hai interese por parte do goberno, que non hai vontade de negociar, e isto levaranos a ter un conflito, será en forma de denuncias ou de conflito laboral no propio Concello. É certo que é un tema complicado pero hai que ter un pouco de vontade, e a vontade demóstrase traendo propostas a encima da mesa na mesa de negociación, cousa que nunca fan”.

Pola súa parte, a alcaldesa de Melide, Dalia García, sostén que en todo momento o Concello de Melide está aberto á vontade negociadora cos traballadores. “Eu non me neguei a nada, ao contrario, fun eu quen puxo encima da mesa temas moi importantes que outros non trouxeron”. García asegura que trala última mesa de negociación celebrada en novembro continúan a traballar de cara á próxima. “Seguimos traballando, pero os sindicatos tamén teñen que traer propostas, eu por agora só recibín unha de CC.OO. e non dos outros sindicatos respecto ao que falamos na anterior reunión; enténdese que isto é unha negociación colectiva e vaise con boa fe desde as dúas partes”.

Malestar entre os pais dos alumnos do conservatorio de música pola mala xestión

De enfado monumental, así podería cualificarse o cabreo que arrastran algúns dos pais dos alumnos que acoden ao conservatorio de música de Melide debido ao atraso no inicio das clases, “un ano máis”, e “á falta de catro profesores co curso en marcha”.

E é que pese a dar comezo o ano académico, coa súa pertinente dilación como vén sendo habitual nos últimos anos, algunhas das prazas seguen sen cubrirse e iso repercute directamente nos alumnos. “Empezan tarde, como empezan tarde non dan dado todo o temario, e como non dan dado todo o temario os profesores ameazan aos alumnos con que van suspender”, explica unha das nais que tamén engade que “os rapaces non teñen a culpa da mala xestión dos profesores e dos políticos, non o poden pagar con eles”.

A situación, que lonxe de solucionarse repítese ano tras ano, chegou a tal punto que nin o cadro de profesores se libra das críticas. “Os profesores tampouco fan o seu traballo porque tiñan que ter un Consello Escolar que non teñen, e se non reclaman eles os seus dereitos non sei quen os vai a reclamar, os pais estamos cansados, un ano fixemos manifestacións, outro ano a Anpa, outro ano protestas, e estamos así todos os anos, pero é que



non podemos estar sempre coa mesma cantinela; non podemos deixar o noso traballo para facer o traballo dos políticos e dos profesores; xa levamos así non sei canto tempo”.

O cansazo entre os pais ante a nefasta xestión por parte do Concello, responsable do Conservatorio, tamén é evidente. “Todos os anos empeza o curso con atraso e non aprenden dun ano para o outro. Veñen coa excusa de que ata que se saiba a matrícula exacta non se pode facer nada; pois hai conservatorios espallados por toda Galicia e todos empezan en tempo, pois que aprendan a xestionar doutros”, engade esta nai.

Para o colectivo de pais a solución pasa por realizar unha prematrícula no mes de xuño, contratar aos profesores e despois facer a matrícula. “O que está claro é que no resto de Galicia hai conservatorios e ningún empeza tan tarde, que aprendan dal-

gún entón, que van sendo horas”, din.

Clases sen recuperar

Outra das cuestións que preocupa aos pais son as horas que os seus fillos perden ao non empezar o ano académico en tempo e que, aseguran, nunca recuperan. “Sempre din que se van recuperar as horas e nunca o fan, nunca se fixo. Levamos así anos. E xa fixemos o cálculo, nos dez anos que os nosos fillos teñen música, porque son catro de elemental e seis de profesional, perden un ano en total; un tempo que nunca se recupera. E o que tampouco poden facer é cobrarnos unha matrícula e que despois non se cubra esa praza de profesor”.

Con esta situación, os pais demandan aos políticos que “fagan o seu traballo en tempo e forma”, ao igual que aos profesores, en vez de continuar prexudicando aos alumnos, insisten.

Critican o “desinterese” do Goberno local en resolver os problemas da vila

O último pleno do ano celebrado no Concello de Melide deu boa conta do “desinterese por parte do Goberno municipal en resolver os problemas da vila”; iso é o que denunciaron dende as filas da oposición socialista xa que, en palabras do seu voceiro, José Antonio Prado, “ao executivo local impórtalle máis o PP que Melide”.

Prado xustificou as súas palabras no nulo apoio que recibiron as reivindicacións do grupo municipal socialista en relación ás demandas do persoal de urxencias dos PAC, en reclamar á Xunta un reparto obxectivo de fondos para os Concellos ou mesmo na mala xestión do Conservatorio de Música municipal do que, dixo, dende o Concello “non asumen culpa ningunha”.

Prado cuestionou tamén a “obsesión” da rexedora local por criticar á Deputación da Coruña. “Na moción para reclamar á Xunta un reparto obxectivo dos fondos, a alcaldesa xustificou o voto en contra facendo unha defensa da xestión do Goberno autonómico e amosando unha obsesión con criticar á Deputación; preguntámonos por que non emprega esa obsesión en defender a Melide das mentiras da Xunta: centro médico, polígono industrial, praia fluvial, formación profesional, saneamento ou o Camiño de Santiago”, engadiu.

...a peza que precisa a súa empresa

Laboral fiscal contable
subvencións sucesións

Visítanos en:

**R/ W. Fernández Flórez, 1 Baixo
(esquina con Av. América)
15800 MELIDE A Coruña**

Tf: 881 973307 Fax 881975314 info@ccxestion.com

Continúan as obras en Cazallas, non exentas de certa polémica



O Concello de Melide viuse obrigado a saír ao paso dalgunhas críticas vertidas en relación ás obras de mellora que se están a efectuar na parroquia das Cazallas. As críticas apuntaban a unha mala reparación do firme e á desordenada colocación dos colectores do lixo, polo que dende o goberno local aclararon que “as actuacións de acondicionamento aínda non están totalmente finalizadas, motivo polo cal hai aspectos pendentes de rematar”.

Unha das tarefas pendentes é a execución dun Ecopunto que ordene os diferentes contedores do lixo. E é que trala pavimentación do viario principal, de xeito provisional emprazáronse os contedores ao lado da fonte

das Cazallas. “Ditos contedores están provisionalmente ubicados nesta situación, que non é a definitiva nin a axeitada, senón tan só algo transitorio”, puntualizaron.

Pola súa parte, a comezos do mes de decembro comezaron os traballos de limpeza de cunetas na pista dos Ánxeles dende o lugar de Garceiras e ata as Cazallas; unha actuación que se levará a cabo con fondos municipais. Esta obra de limpeza de cunetas, contribuirá a facer un cordón de pavimentación duradeira en dúas das parroquias, Cazallas e Os Ánxeles, máis achegadas ao centro de Melide, así como á creación de áreas seguras para peóns coa delimitación de sendas, como é o exemplo do acceso ás Cazallas.

Sete edificios públicos, libres de gas radón

Tras un estudo encargado a unha empresa especializada en medicións de gas radón, a alcaldesa de Melide, Dalia García, afirmou que Melide é un espazo libre deste gas en sete edificios públicos do municipio; concretamente no Centro Social, Galiña Azul, espazo multiusos, Casa da Cultura, polideportivo municipal, gardería municipal e Casa do Concello; edificios analizados con 49 detectores. Os resultados das medicións, levadas a cabo dende o pasado mes de maio ata o mes de setembro, puxeron de relevo que Melide goza de espazos libres de radón alto e, polo tanto, cumpre coa normativa europea en canto á concentración deste gas “o que supón unha seguridade para a nosa saúde xa que o radón é un dos gases máis perigosos e contamos con moita incidencia del na zona na que nos situamos”, puntualizou a rexedora. Con este estudo o Concello de Melide adáptase á nova normativa europea que obriga aos gobernos a realizar medicións en lugares de risco. Segundo apuntou García, Melide é o primeiro concello da provincia en realizar este traballo.

Augas de Galicia anuncia que resolverá os problemas de saneamento do polígono da Madanela o vindeiro ano

A directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, anunciou no Parlamento de Galicia que a Xunta terá redactado a principios do vindeiro ano un proxecto para resolver os problemas de saneamento do polígono da Madanela. Gutiérrez reiterou que o Goberno galego está prestando apoio ao Concello de Melide na busca dunha solución a estas carencias, tendo en conta que Augas de Galicia non ten responsabilidades en saneamento e depuración, xa que son competencias municipais. Así, explicou que no marco desta colaboración, na que tamén están a traballar outras consellerías, Augas de Galicia xa está a avanzar na tramitación dun novo contrato para iniciar a redacción do proxecto antes de fin de ano. Do mesmo xeito lembrou que foi preciso resolver o contrato adjudicado en 2017 por motivos “alleos á Xunta” e comezar outro, e concretou que esta fase ten como obxectivo realizar un estudo de alternativas de conexión do polígono coa depuradora de Melide, xa existente, e co seu sistema de saneamento.

Críticas do BNG

Pola súa parte, dende o BNG denunciaron que Medio Ambiente eludiu responder no Parlamento sobre as verteduras industriais do parque empresarial. O deputado do BNG, Xosé Luís Rivas formulou unha pregunta ao Goberno sobre a falta dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) no polígono industrial e a necesidade da súa construción para depurar os residuos industriais, e criticou que a pregunta fose respondida pola directora Xeral de Augas de Galicia cando en realidade, a cuestión formulada, é responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente.

Avaliarán os danos no asfaltado de varias rúas e estudarán as súas causas

Trala denuncia realizada polo PSdeG-PSOE de Melide alertando do “preocupante estado de conservación do asfaltado” en numerosos treitos da rúa Martagona, dende o Concello de Melide apresuráronse a desmentir posibles “perigos para a circulación”.

Os socialistas alertaban no seu momento de que debido ás obras que se fixeron no seu día para instalar a rede de calor por biomasa, agora estíbese a afundir o asfaltado en varios tramos. “Antes do pasado verán a empresa instaladora tivo que selar as gabias abertas ao non prosperar o proxecto de creación da rede de calor. Pero co paso de pouco tempo, a zona asfaltada xusto encima das gabias presenta importantes afundimentos que dificultan e son un perigo para a circulación”, re-

clamaron os socialistas.

Ante esta situación, desde o goberno local subliñaron que “as zanzas efectuadas así como o seu cerrume están localizadas nos marxes da rúa, na zona de aparcamento e non de rodadura”, motivo pola cal non suporían un risco para a seguridade viaria. Non obstante, o goberno presidido por Dalia García iniciou os trámites xurídicos e administrativos para avaliar posibles danos, as súas causas e, de ser necesario, as actuacións a desenvolver.

Do mesmo xeito, desde o Concello aseguraron que “en ningún caso evadirán esixir aos responsables das obras todas e cada unha das accións necesarias para a restitución do firme a unhas condicións adecuadas”, así como, de ser o Concello quen teña que asumir os custes da reparación



Afundimento do asfaltado na rúa Martagona

“tamén será o Concello quen esixa as responsabilidades subsidiarias ao suposto infractor, neste caso a empresa que no seu momento executou as obras”.

A patronal, alerta ante a posible falta dunha parada do Xacobús en Melide

O Xacobús anunciado pola Xunta de Galicia trouxo a polémica á vila de Melide. Tal e como recolleu o xornal La Voz de Galicia, os peregrinos van dispoñer dunha liña de bus desde Santiago para facer o Camiño. Coñecer as posibles paradas e o feito de que non se mencionase a Melide por ningún lado fixo que saltasen as primeiras alarmas.

Dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) reaccionaron a esta nova asegurando que “hostalería, empresarios, oposición, Concello e todos os implicados” loitarían porque unha das paradas “estivese en Melide”, tendo en conta as repercusións turísticas e a nivel económico

que iso implica para a vila. Así o explicou Rodrigo Fernández, vicepresidente de Asetem, quen tamén quixo deixar claro que “recibimos mensaxes de tranquilidade tanto por parte da oposición como do Concello asegurándonos que as paradas aínda non están adjudicadas”. Á espera de que se realice a adjudicación das paradas de bus, o vicepresidente da patronal engadiu que “estaremos alerta para que un dos destinos fixos sexa Melide”.

Pola súa parte, dende o Concello de Melide aclararon que de momento “non existe proxecto de ruta nin de horarios” e que será en xaneiro, unha vez coñecido o proxecto, cando se abra o período pertinente de alegacións.

Renovan o Centro de Formación no que se impartirán cinco cursos



Dende mediados de novembro Melide conta cun Centro de Formación completamente renovado no que se impartirán os certificados de profesionalidade de atención sociosanitaria, cociña, operacións básicas de catering, operacións básicas de cociña e operacións básicas de restaurante-bar. Grazas a un investimento de 100.000 euros por parte da Xunta de Galicia leváronse a cabo obras de mellora nas instalacións eléctricas e de auga quente e na instalación de dúas naves de climatización-calefacción eléctrica de baixo consumo. Tamén se actuou

para mellorar o sistema de canlóns de augas pluviais da cuberta de hostalería. Ademais, renovouse a maquinaria, mobiliario e accesorios dos talleres de hostalería e de atención sanitaria, comprouse material de cociña e instaláronse 12 ordenadores para aula e despacho. O centro ten capacidade para formar a 75 alumnos. Na reapertura das instalacións participaron o delegado territorial da Xunta, Ovidio Rodeiro, representantes de empresarios e comerciantes da contorna e alcaldes, concelleiros e técnicos de emprego da comarca.

O Concello pon en marcha unha aula de atención á diversidade

O Concello de Melide, a través da súa Concellería de Igualdade e Benestar, puxo en marcha un proxecto pioneiro na vila que ten como obxectivo crear unha aula de atención ás necesidades educativas especiais e á diversidade na vila. A través deste servizo, ofrecerase apoio educativo a este alumnado, atendendo ás súas necesidades e características individuais. Ao mesmo tempo tamén se ofertará un servizo de mediación intrafamiliar e da familia coa escola. O prazo para poder realizar a inscrición para participar nesta aula está aberto dende o pasado 12 de novembro. As persoas interesadas en formar parte desta iniciativa ou en recibir máis información teñen que achegarse ata o departamento de Igualdade e Benestar do Concello de Melide en horario de 10 a 14 horas.

Melide adhírese á Asociación de Municipios do Camiño de Santiago



No último pleno celebrado aprobouse a adhesión do Concello de Melide á Asociación de Municipios do Camiño de Santiago. Con esta adhesión preténdese establecer relación de cooperación entre Melide e o resto de municipios que conforman o Camiño de Santiago nas súas diferentes vertentes co fin de promoverlo e conservalo. A Asociación de Municipios do Camiño de Santiago é unha entidade a nivel nacional que acomete, entre outras, actuacións centradas en atender ao peregrino en canto á seguridade e información, mantemento do Camiño no referente a sinalización, normalización e mellora dos servizos de información e comunicación, así como tamén se ocupa da promoción.

Estudo sobre o impacto económico

Do mesmo xeito e co obxectivo de continuar a difundir o Camiño de Santiago, o Concello de Melide colaborará cun proxecto europeo que une a colexios de varios países que analizarán o impacto económico asociado ao Camiño de Santiago que teñen as diferentes vilas polas que transcorre este treito. Nesta iniciativa participan o alumnado de 4º da ESO do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela, o colexio de Lumbier de Navarra e dous centros franceses, o Lycee Jean d'Arcet, de Air Sur l'Adour e o Lycee Rive Gauche de Toulouse.

O PSOE denuncia “manipulación absoluta” na radio municipal

O voceiro do PSdeG-PSOE, José Antonio Prado, denunciou “a manipulación absoluta” dos informativos da radio municipal de Melide “en beneficio”, dixo, “do Partido Popular”.

Segundo explicou, “o Goberno local utiliza Radio Melide como un medio de comunicación do PP”. Prado puxo como exemplo que “non se publican os comunicados de prensa do PSdeG-PSOE, pero si utiliza o PP a radio local para contestalos e criticar aos socialistas”. “A radio pública que pagamos todos os melidenses é utilizada polo Goberno de Dalia García como un mero órgano de propaganda ao servizo dos seus intereses políticos. Uso partidista, sen pluralidade e co único fin de facer loanzas á xestión do PP local é o que se pode dicir da información política que ofrecen os noticiarios”, engadiu Prado.

Así mesmo, o portavoz socia-

lista asegurou que “a alcaldesa xa é unha locutora máis da radio porque ademais de ser entrevistada sempre que o considera, participa habitual e esaxeradamente nos informativos locais, comentando as noticias que, cun enfoque positivo da xestión do Goberno Local e da Xunta de Galicia, se publican diariamente”.

Ante esta situación, Prado denunciou que a única oportunidade coa que conta o seu grupo para explicarse na radio municipal é unha entrevista de trinta minutos de duración cada tres semanas.

Os socialistas, que non aceptaron que “son as empregadas da radio as que marcan a liña de comunicación, tal e como afirmou anteriormente a alcaldesa”, veñen esixindo nos últimos plenos unha pluralidade e diversidade informativa que respecte opinións e ideas diferentes”.

Curso de monitor de fútbol sala

En colaboración coa Federación Galega de Fútbol, o Concello de Melide porá en marcha na vila un curso de monitor de fútbol sala que se celebrará do 18 de decembro ao 28 de febreiro no edificio multiusos. A actividade terá lugar os martes e os xoves de 19.30 a 22.30 horas e para poder realizala é preciso ser maior de 16 anos. Tamén será necesario estar en posesión do título de Grado en Educación Secundaria ou ter un título equivalente. A matrícula poderá realizarse ata o día de inicio do curso. As persoas interesadas en participar poden poñerse en contacto coa Federación Galega de Fútbol a través da súa páxina web www.futgal.es onde tamén se realizará a matrícula en liña.

A oficina de turismo rexistra preto de 900 visitas no mes de novembro



A oficina de turismo do Concello de Melide, situada na parroquia de Furelos, recibiu durante o mes de novembro un total de 866 visitantes, sendo a media diaria de 30 persoas. Das preto de 900 persoas que pasaron pola vila o mes pasado, 413 foron españolas, 179 procedían de diferentes países de Europa e 274 doutros países do mundo. En canto aos visitantes de nacionalidade española, achegáronse ata Melide dende Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e Baleares. No referente aos países europeos procedían maioritariamente de Italia, Alemaña, Francia, Reino Unido e Irlanda. No que corresponde ao resto do mundo, a maioría dos visitantes foron estadounidenses, latinoamericanos (mexicanos, colombianos, arxentinos e brasileiros), coreanos e xaponeses. Pese á mala meteoroloxía e que novembro xa non é un mes de moitos turistas e peregrinos, a oficina de turismo de Melide rexistrou un incremento de visitantes con respecto ao mesmo período do ano pasado dun 21.8%. Ademais, foi o primeiro mes no que se rexistraron máis visitantes homes que mulleres facendo o camiño.

Abre ao tráfico a nova ponte Mazaira

A estrutura, que conecta Toques e Melide, superou a proba definitiva de carga cun peso de máis de 140 toneladas

A nova ponte Mazaira que une os municipios de Melide e Toques xa está aberta ao tráfico despois de superar a última proba de carga. Así o anunciaron dende o colectivo de troiteiros Río Furelos tras comprobar que o arranxo e reconstrución desta infraestrutura, unha vella demanda súa dende hai anos, se converteu por fin en realidade.

“Hoxe é un día de gran satisfacción para a directiva da Asociación de Troiteiros Río Furelos por poder anunciar que un proxecto polo que tanto pelexamos, sexa finalmente unha realidade”, comunicaba o presidente da asociación, Xavier Pazo.

Foi precisamente a finais do mes de novembro cando responsables da empresa se puxeron en contacto co presidente do colectivo para comunicarlle que a infraestrutura quedaba rematada coa plantación dalgunha vexetación nos



Foto: A.T. Río Furelos

Momento da proba definitiva de carga realizada sobre a ponte

desmontes que se fixeron para acomodar os viais e algún que outro detalle.

Durante esa mañá ademais levouse a cabo con éxito a proba definitiva de carga, situando enriba da nova ponte camiións con máis de 140 toneladas. “Tal como nos comentou o encargado da obra, soportaría moito máis peso,

mais é inútil comprobalo porque nunca se vai dar o caso de que por ela teña que circular semellante tonelaxe”, explicou Pazo.

Dende a Asociación de Troiteiros Río Furelos celebraron o remate das obras e agradeceron a comunicación permanente por parte da empresa.

A Deputación construírá unha senda peonil de tres quilómetros en Santiso

A Deputación da Coruña investirá 536.396 euros nas obras de mellora da seguridade viaria da estrada provincial DP 4603 ao seu paso polos núcleos de A Balada e Vilar de Ferreiros, no concello de Santiso.

O proxecto consistirá na construción dunha senda peonil de 2.800 metros de lonxitude nunha zona que atravesa tres núcleos rurais nos que hai numerosas vivendas dispersas, pero que carecen dunha conexión peonil debidamente segura.

Segundo explicou o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, as obras “suporán un importante investimento para garantir a seguridade dos veciños que se desprazan a diario entre estes núcleos”, e enmárcanse na aposta do seu goberno “por crear sendas e beirarrúas que melloren a seguridade dos viandantes na rede provincial de estradas, especialmente



Plano de un dos tramos nos que se vai actuar

nos núcleos rurais”.

Tres quilómetros con melloras estéticas

As obras de Santiso comezaran coa tala das árbores da marxe da calzada, o traslado dos sinais e da parada de bus, así como a demolición dos tramos de beirarrúas existentes.

A nova senda, de 1,5 metros de ancho, discorrerá ao nivel da calzada, excepto nalgúns tramos onde se manterá a altura das beirarrúas existentes.

Na contorna de Vilar de Ferreiros procederá a un estreitamento dos carrís para a implantación da mesma.

Contará así mesmo con rede de recollida de pluviais e canalización soterrada para o alumeadado público e acondicionaranse os espazos libres de dominio público como zonas verdes mediante a plantación de árbores e céspede, e a colocación de bancos e de sistemas de ocultación dos contedores de lixo.

Actividades por toda a comarca para conmemorar o 25N



Obradoiro realizado en Melide co obxecto de educar en igualdade

Os Concellos da comarca puxeron en marcha diferentes actividades con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero celebrado o pasado 25 de novembro. Así por exemplo, en Melide organizáronse varios obradoiros na praza do Convento baixo o lema “Latexando pola Igualdade”, organizouse unha “xornada de respiro” para mulleres nun balneario, proxectouse a curtametraxe ‘Miña’ e repartíronse tamén guías sobre a igualdade. Pola súa parte, en Santiso celebrouse un curso de defensa persoal para mulleres e mozas dentro da campaña de prevención de situacións de violencia de xénero. No caso de Sobrado abordaron a violencia de xénero a través das novas tecnoloxías cun obradoiro impartido no CEIP Virxe do Portal. Baixo o título 'Violencia de xénero e o novo contexto dixital' tratáronse temas como a ciberviolencia de xénero, o grooming e a sextorsión, entre outros. Ademais, os máis pequenos participaron no 'Programa Iguais' onde traballaron a violencia exercida contra as mulleres mediante un conto.

Campaña solidaria da asociación O Noso Lar de Visantoña

**COA SOLIDARIEDADE
GAÑAMOS TODOS**

Campaña de recollida de:
xoguetes, roupa usada,
alimentos non perecedeiros
(pasta, legumes, azúcar, galletas, conservas, aceite, leite,)
e todo aquilo que poida ser reutilizable
Deixa as túas doazóns en:

Local Social “O Noso Lar”
(martes, xoves e domingos, de 4 a 6 da tarde)

Bar “A Lareira”
Mesón “Visantoña”

Ata o 22 de decembro

As aportacións serán distribuídas entre as familias máis necesitadas polos servizos sociais do Concello de Santiso e a Cruz Vermella

Organiza:



Medio Ambiente e o Concello de Santiso estudan a posibilidade de habilitar novas vivendas protexidas

A Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Santiso traballarán conxuntamente co obxectivo de poñer a disposición dos veciños novas vivendas protexidas. Así o comprometeron a responsable autonómica, Ángeles Vázquez, e o rexedor local, Manuel Adán, no transcurso dunha reunión de traballo.

Ambas institucións estudarán distintas opcións dispoñibles, entre as que se atopa a vía das axudas para a rehabilitación de vivendas de mestres, unha liña de subvencións á que xa se acolleu o Concello de Santiso no ano 2017 para executar os traballos de recuperación dunha vivenda. Neste sentido, a responsable autonómica amosou a súa disposición a traballar da man do Goberno municipal para poder atender dita demanda.

Pola súa parte, o rexedor municipal aproveitou a xuntanza para trasladarlle á con-



Ángeles Vázquez e Manuel Adán durante a reunión

selleira o seu interese en dispoñer de máis solo industrial para poder albergar novas iniciativas empresariais no concello.

Precisamente, co obxectivo de que novas empresas se instalen no municipio, o Goberno local levou a pleno no mes de marzo a bonificación a empre-

sas. Ademais, é preciso ter en conta que a futura entrada en servizo da autovía Santiago-Lugo mellorará as comunicacións deste municipio; un atractivo engadido que fará que a implantación de actividades industriais e empresariais en Santiso sexa máis doada.

Compromiso con varios concellos da zona para paliar os danos do lobo e o xabaril

O alcalde de Toques, Miguel Buján, reuniuse, xunto con outros alcaldes da zona como o de Curtis, Aranga e Sobrado dos Monxes, coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, para esixir solucións aos danos causados polos lobos e os xabarís neste último trimestre do ano.

Na reunión, os rexedores trasladáronlle á responsable autonómica os elevados danos que veñen sufrindo nos últimos anos as explotacións nas súas cabanas gandeiras debido aos ataques dos lobos, así como as cuantiosas perdas causadas polo xabaril nos cultivos e prados dos veciños dedicados ao sector primario. Tanto é así que “a fauna silvestre utiliza como refuxio zonas próximas a Cova da Serpe, que discorre ao longo dos catro concellos, convertendo a esta zona nun lugar no que o lobo se desenvolve e cría con facilidade”, explicaron dende o Concello de To-



ques.

Ante esta demanda, a conselleira anuncioulles que no ano 2019 o seu departamento habilitará unha partida de 1,4 millóns de euros que permitirá sacar unha nova liña de axudas por danos causados polo xabaril (dotada con 800.000 euros) e o lobo (350.000 euros); así como outra orde de prevención ante

a fauna silvestre (dotada con 300.000 euros).

Pola súa parte, Buján amosouse optimista ante o resultado da xuntanza xa que “a conselleira comprometeuse cos alí presentes a proporcionar axudas aos nosos municipios para reparar os danos causados polos lobos e xabarís nas nosas terras durante este último trimestre”.

O alcalde de Sobrado demándalle á Xunta o arranxo da estrada AC-934



Balado, Santos e Rodríguez durante a reunión en Sobrado

O alcalde de Sobrado, o socialista Lisardo Santos, mantivo unha reunión coa deputada do PSdeG-PSOE pola provincia da Coruña no Parlamento Galego, Begoña Rodríguez Rumbo, para trasladarlle a necesidade de ampliar e mellorar a estrada AC-934. Segundo explicou o rexedor municipal trátase dunha “demanda histórica que xa se reclamou en reiteradas ocasións” á Xunta de Galicia. Durante o encontro, Santos solicitou ademais a construción dunha senda peonil que “garanta a seguridade dos veciños e tamén dos peregrinos” neste viario, xa que polo mesmo “circulan cada ano centos de peregrinos ao seu paso cara Santiago de Compostela”. Do mesmo xeito, o alcalde de Sobrado aproveitou a xuntanza para tratar de conseguir o compromiso da Xunta na construción dun Centro de Día para o municipio. No seu momento, o rexedor alcanzou o compromiso da Deputación da Coruña para financiar esta instalación, e agora trata de conseguir a colaboración do Goberno galego para facerse cargo de parte do gasto. Á reunión tamén asistiu Begoña Balado, coordinadora comarcal do PSdeG no interior da provincia da Coruña.

Novas actuacións para mellorar os camiños rurais no concello de Toques

O Concello de Toques continúa realizando distintas obras de mellora nos camiños rurais do municipio. Así, entre os últimos camiños e accesos beneficiados por estas actuacións atópanse o acceso á Bragaña cun importe de actuación de algo máis de 77.000 euros, o arranxo do camiño da Baloira, en Brañas, cun custe asignado de case 74.000 euros e a ampliación e o acceso a Santa Uxía cun investimento total de 44.988 euros. A maiores destas actuacións “tamén se levarán a cabo melloras noutros viarios anexos que é necesario rehabilitar para volver a facer que o seu tránsito recupere a seguridade”, indicaron dende o Concello. En total, o Concello de Toques, coa colaboración da Deputación da Coruña, investirá 195.744 euros nestas actuacións. Miguel Buján, rexedor local, fixo especial fincapé nestas melloras que teñen como único obxectivo “facilitar a vida dos veciños e veciñas do municipio” facéndoa “máis práctica e máis accesible”.

Bonificación do IBI en Santiso

O Concello de Santiso informou de que todos os interesados en tramitar a bonificación do IBI poderán facelo ata o 31 de decembro. Para iso é imprescindible estar dado de alta na actividade agraria, gandeira ou forestal. Dende o Goberno local recomendaron que, todos os interesados en tramitar a solicitude, se acheguen ata o Concello onde se lles informará da documentación necesaria para realizar dita xestión. Así mesmo, lembran a importancia de facelo canto antes “xa que hai certificados doutras administracións que non se tramitan no momento”.



**CELEBRA O NADAL CON NÓS
RESERVAS PARA CEAS DE EMPRESA**



RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR
MARIÑO


- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA

Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

**ESPECIALIDADE EN CARNE
E PESCADO Á BRASA**

MENÚ DO DÍA



Casa Juanito



Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón Legumbres

Bacalao Vinos Licores



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio



Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com



La frutería de Celia

981 50 79 38 Cantón de San Roque nº3 bajo
15800 Melide (A Coruña)



- Elaboramos cestas de froita por encargo
- Legumes de calidade a granel
- Verdura do país
- Chourizos, queixo e mel
- Froita e verdura fresca todos os días



SPORT MODA

Felices festas de Nadal!

Cantón de San Roque, 38-40
Tfno.: 981 50 76 01
MELIDE



Cafetería y Pastelería

Estilo

*Melindres, Ricos, Amendoados
doces de Nadal...
e moito máis!*

C/ Progreso, 6
Tfno.: 981 505 153 MELIDE




LOGÍSTICA Y DISTRIBUCIÓN

MELDIS

Alimentación, s.l.

PRODUCTOS ALIMENTICIOS

MELDIS ALIMENTACIÓN S.L.
Rúa Santolina Melidensis, Nave 4
Polígono Industrial A Madanela
15800 MELIDE (A Coruña)




ELECTROSAN

C/ Martagona, 13
MELIDE
 981 50 79 64
 electrosanmelide@gmail.com
 **Electrosan**



Especialistas en descanso · Aspiración 'Rainbow'
Elaboración de sofás a medida · Electrodomésticos



DUSA



Ancéis, 34
 15181 CAMBRE (A Coruña)
 M. 636 56 44 07 T./F. 981 67 63 97
 dusagalicia@dusagalicia.com

www.dusagalicia.com

para su vivienda o negocio

¡Feliz Navidad!

Elaborados Metálicos



Estructuras - Naves - Escaleras - Caldelería - Entreplantas

Nadal en Melide

6.200 €



20:30 h. Comezo da gala presentada por

MANQUIÑA

PRESENTADOR E GUIONISTA

Actuación do grupo

LOS FABULOSOS

WEEKEND

CON MANUEL MANQUIÑA

SORTEO
NA CASA DA CULTURA
ÁS 21:00 h.

11
XANEIRO
2019



todo un acerto!

Estudar o ciclo de madeira ten premio

Alumnos do IES Melide sobresaen nun campionato de FP

O IES Melide non deixa de recibir boas noticias. Ao galardón obtido polo traballo para conmemorar o Día contra a Violencia de Xénero “Non hai amor no maltrato”, realizado pola alumna Carla Rivadulla Fociños e o alumno Ander Varela Martín de 1º de Bacharelato, súmase agora un novo premio.

Nesta ocasión foi para José Antonio Ferraces López, que quedou segundo clasificado na modalidade de ebanistería no V Campionato Galego de Formación Profesional GaliciaSkills 2018. “É preciso destacar que quedou segundo por moi poucas décimas con respecto ao primeiro, e ademais, pese a que no concurso che comunican as pezas que tes que facer no mes de xuño para que todos os centros poidan empezar a practicar en igualdade de condicións, os nosos rapaces non puideron empezar a practicar ata finais de setembro, que foi cando se matricularon no ciclo”, explicou Javier Iglesias, profesor do Ciclo de Madeira no instituto melidense.

Xunto a Ferraces acudiu Adrián Carmuega Salgado que, pese a non acadar praza entre os finalistas, realizou igualmente un traballo impecable. “Calculamos que quedou entre os catro primeiros”, dixo



Adrián Carmuega e José Antonio Ferraces, segundo, no GaliciaSkills

Iglesias. O mérito é maior se temos en conta que foi a primeira vez que alumnos da especialidade de Madeira participaban neste concurso.

Durante o concurso, que se celebrou os pasados 28, 29 e 30 de novembro no recinto feiral de Silleda, ambos alumnos competiron nun grupo de nove estudantes cada un; nove na sección de carpintería e nove na sección de ebanistería. “Foi unha proba moi integradora na que ademais de amosar as súas habilidades conviviron con outros alumnos de diferentes centros de Galicia durante tres días, e a verdade é

que viñeron encantados coa experiencia; tanto que algún xa nos dixo que para o ano quería repetir”, apuntou Javier.

O concurso GaliciaSkills ten como obxectivo darlle unha maior proxección e difusión á formación profesional que se imparte na Comunidade Autónoma; tanto é así que os gañadores acudirán en marzo á final nacional. Dende o IES Melide, Iglesias aproveitou a oportunidade para lembrar que “estudar madeira é algo vivo e que ten moito futuro, segue sendo unha garantía de acabar os estudos e atopar traballo do 100%”.

Melide, universo de maxia por uns días

Oito magos de renome abraiaron ao público cos seus trucos

Non podía ser doutra maneira; o melidense Dani Polo, actual Premio Nacional de Maxia, entre outros galardóns obtidos ao longo deste ano, foi o responsable de converter a Melide durante tres días na capital mundial da maxia. Con este, van xa seis anos consecutivos organizando un encontro que reúne a miles de persoas e que nesta edición conservou actividades realizadas en anos anteriores, pero tamén incorporou sorpresas que non deixaron indiferente a ningunha.

Nesta ocasión foron oito magos de renome os encargados de configurar unha programación para grandes e cativos: o mago local Dani Polo, o Mago Linaje, Yunke, Pedro Bugarín, David Díaz, Edama, Fernando Arribas e Raúl Alegría.

O Festival de Maxia deu comezo o venres 7 de decembro cun espectáculo de maxia para os maiores da residencia. Xa máis tarde celebrouse unha Gala de Maxia Infantil na Casa da Cultura co Mago Linaje e,



Actuación durante o Festival de Maxia

posteriormente trasladáronse as actuacións á zona histórica de Melide.

Durante a xornada do sábado as actividades comezaron ás 11.30h cun obradoiro de maxia na Casa da Cultura para nenos e nenas con idades superiores aos 8 anos. Pola tarde, foi a quenda para un espectáculo de maxia familiar na sala de exposicións da Casa da Cultura con Fernando Arribas, mentres que o encargado de fi-

nalizar o día foi o mago Yunke co seu traballo “Conjuro”.

Pedro Bugarín, cun espectáculo de maxia familiar, foi o encargado de abrir a xornada do domingo na Praza das Ichoas. Finalmente, e como vén sendo habitual, o broche de ouro púxoo a gran Gala Internacional de Maxia celebrada na Casa da Cultura cos espectáculos de Dani Polo, Raúl Alegría, Fernando Arribas, Edama e David Díaz.

Estudo Socioeconómico do GDR-UTM



Foto: GDR UTM

O GDR Ulla Tambre Mandeo, do que tamén forma parte a Asociación de Empresarios Asetem, presentou recentemente no C.P.I. de Boimorto o ‘Estudo Socioeconómico do Territorio do GDR Ulla Tambre Mandeo’ no que se inclúen datos estatísticos e opinións de expertos sobre diferentes temas de interese para o desenvolvemento rural. Os datos recollidos son actuais (setembro de 2018) e a través dos mesmos preténdese proporcionar unha guía e ferramenta de consulta para todos os organismos implicados na toma de decisións no territorio. A presentación do libro contou coa participación das autoras, María Mellid e María Fernández; a alcaldesa de Boimorto, Chus Novo; o alcalde de Vilasantar, Fernando Pérez e o profesor universitario Xavier Simón, que coordinou o traballo de investigación de ambas autoras.

25 anos como Patrimonio Mundial



Foto: CM

A igrexa de San Pedro de Melide foi un dos monumentos elixidos para celebrar os 25 anos do Camiño como Patrimonio Mundial iluminando a súa fachada coas cores características do Camiño de Santiago. Durante varias noites veciños e visitantes puideron observar tons azuis e a popular frecha amarela sobre a igrexa.

CAMPAÑA 2018 - 2019

RECOLLIDA DE XOGUETES

Desde o 7 de decembro até o 2 de xaneiro

“Para que todas as nenas e nenos teñan agasallos no Nadal”



Recollemos XOGUETES en bo estado
Lugar: Centro Social de MELIDE

#RecollidadeXoguetes

Concello de Melide
Concellaría de Igualdade e Benestar

Un mes repleto de ocio e actividades para celebrar o Nadal en Melide

Dende o xoves 13 de decembro e ata o venres 11 de xaneiro serán multitude de actividades as que poderán realizarse por toda a vila.

Destaca especialmente o **Festival de Panxoliñas** que terá lugar o domingo 16 de decembro na Casa da Cultura a partir das 20.00 horas. O evento, organizado pola Coral Polifónica de Melide, contará coa actuación da Coral Eixil de Cedeira, a Coral Voces del Bierzo e a Coral Polifónica de Melide.

Así mesmo, do 22 ao 30 de decembro o Pazo de Congressos acollerá **Ocio Nadal Melide 2018**. Dende as 16.30 e ata as 20.30 horas da tarde nenos e maiores poderán gozar da pista de patinaxe de xeo artificial, coches eléctricos, inchaables, talleres de pintura, maquillaxe, globoflexia, etc. Unha programación que rematará o 30 de decembro cunha gala infantil de Fin de Ano.

Xa o 31 de decembro celebrará unha edición máis da **carreira solidaria San Sil-**

vestre Melide. A inscrición nesta actividade será gratuíta achegando alimentos non perecedoiros a favor de Cáritas Melide.

Entrados no ano novo, o xoves 3 de xaneiro terá lugar unha excursión dirixida a nenos maiores de 8 anos a Santiago de Compostela para patinar sobre xeo e, como non podía ser menos, o sábado 5 de xaneiro as súas Maxestades de Oriente chegarán a Melide coa **gran cabalgata de Reis** a partir das seis da tarde e con saída do Pazo de Congressos.

O punto e final á campaña de Nadal porao como vén sendo habitual a **gala fin de campaña de Nadal do CCA-Asetem**. Será o venres 11 de xaneiro a partir das 20.30 horas na Casa da Cultura.

Pero durante todo este período de lecer tamén haberá tempo para as obras teatrais, as proxeccións cinematográficas e para visitar o **Belén artesanal** instalado á entrada da Casa do Concello, entre as oito da mañá e as sete da tarde.



decembro

Do 13 ao 31 (casa da cultura)
luns a venres, 17:00 a 20:00 h
EXPOSICIÓN ARTES PLÁSTICAS
ISAAC DÍAZ PARDO

Sábado 15 (casa da cultura)
20:00 h **CONCERTO "EUROPEJSKA**
ORQUESTRA E BANDA DE MÚSICA
DA CORUÑA"

Domingo 16 (casa da cultura)
20:00 h **FESTIVAL DE PANXOLIÑAS**

Venres 21 (casa da cultura)
20:00 h **OBRA DE TEATRO "BO NADAL"**

Sábado 22 (casa da cultura)
21:00 h **OBRA DE TEATRO**
"PODE SER CALQUERA..."

Do 22 ao 30 (pazo de congresos)
16:30 a 20:30 h **Ocio NADAL**
MELIDE 2018

Domingo 23 (casa da cultura)
20:00 h **CONCERTO DE NADAL COA**
BANDA DE MÚSICA DO ROSAL

Mércores 26 (casa da cultura)
18:00 h **CINE INFANTIL "VAIANA"**

Venres 28 (casa da cultura)
18:00 h **CINE INFANTIL "GISAKU"**

Do Sábado 29 (casa da cultura)
18:30 h **MUSICAL INFANTIL**
"PUÑO PUÑETE"

Luns 31 (praça do Convento)
16:30 h **SAN SILVESTRE SOLIDARIA**
MELIDENSE

xaneiro

Do 1 ao 7 (casa da cultura)
luns a venres, 17:00 a 20:00 h
EXPOSICIÓN ARTES PLÁSTICAS
ISAAC DÍAZ PARDO

Mércores 2 (biblioteca municipal)
17:30 h **MENÚ DE CONTOS CON**
CHARO PITA

Xoves 3 (Santiago de Compostela)
9:00 h **PATINAXE SOBRE XEO**
Inscricións no Concello.

Sábado 5
17:30 h **ANIMACIÓN DE RÚA**
(grandes personaxes de globos)
18:00 h **CABALGATA DE REIS**
(saída do pazo de congresos)

Venres 11 (casa da cultura)
20:30 h **GALA CAMPANA DE**
NADAL ASETEM
Sorteo de 6.200 € en premios

Charamela volve a escena o día 22

A Asociación Cultural Charamela trae á Casa da Cultura de Melide a representación teatral "Pode ser calquera...". Será o 22 de decembro ás 21 horas. Trátase da obra de teatro que tivo que ser aprazada durante o VII Ciclo de Teatro Afeccionado "O Teatro no Camiño", organizado por Charamela o pasado mes de outubro. A produción está dirixida por Mary Gómez Neira, mentres que o cadro de actores está composto por Óscar Conde, Lourdes Piñeiro, Adolfo Torreiro, a propia Mary Gómez, Chus Igrejas, Manuel Pumar, Marisol Freire e Carmen Salgado. Os decorados corren da man de Jaime Soengas.

Xornada sobre froiteiras autóctonas

O salón de actos da Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), acollerá o vindeiro 14 de decembro a partir das 20.00 horas a presentación do proxecto "Rescatando as froiteiras autóctonas da Terra de Melide". Durante o acto contarase coa presenza de Antón Vilariño, coordinador dun proxecto de recuperación de froiteiras na comarca da Mariña, en Lugo. A actividade está organizada pola Asociación Herbamoura e conta co financiamento da Deputación da Coruña e a colaboración do Sindicato Labrego Galego, a Rede de Consumo Responsable O Careón e a Asociación Veciñal Melidá.

Gala de Nadal o 11 de xaneiro

O vindeiro venres 11 de xaneiro celebrarase na Casa da Cultura de Melide a Gala de Nadal do Centro Comercial Aberto Asetem para poñer punto e final á campaña comercial de decembro e xaneiro. O actor, guionista e presentador galego, Manuel Manquiña, será o encargado de presentar a gala a partir das 20.30 horas da tarde, na que tamén actuará co seu grupo Los Fabulosos Weekend. Xa a partir das 21.00 horas dará comezo o sorteo dos premios da campaña de Nadal, que este ano ascenden a un total de 6.200 euros. Ademais, como vén sendo habitual un dos premios sortearase entre o público.

Actividades de Nadal en Sobrado

Atentos todos os nenos e nenas porque o **Apalpador** visitará o vindeiro xoves 20 de decembro, ás 16.30 h, a carballeira da Casa do Gado en Sobrado. Ao remate da súa visita haberá chocolate con churros para todos os pequenos.

Torneo de Nadal de Tenis de Mesa

Será o sábado 29 de decembro no polideportivo de Sobrado a partir das nove da noite. Todos os interesados en participar poden anotarse chamando ao 683 652 862 ata o 27 de decembro. Haberá premios tanto a nivel individual como por parellas.

Convenio con Cáritas de Melide

O Concello de Melide asinou un convenio de colaboración con Cáritas Parroquial da vila. Foi un dos párrocos melidenses, José Manuel Melli, quen xunto coa rexedora, Dalia García, rubricou este acordo entre o organismo municipal e Cáritas. A contía total do convenio é de 3.000 euros que o Concello de Melide destina das súas arcas municipais para as persoas con menos recursos da vila. "É un convenio que se renova ano tras ano", explicou a alcaldesa, "xa que como institución pública non podemos facer oídos xordos fronte a aquelas persoas que están nunha situación máis desfavorecida".

Hípica para os rapaces do Centro Social

Melide celebrou o Día das persoas con discapacidade cunha xornada especial para o alumnado do centro ocupacional da vila. Os rapaces e rapazas que acoden a este centro desprazáronse ata o Centro Hípico Marco das Pías, en Sobrado, para participar nun exercicio terapéutico con cabalos. Alí, puideron realizar varias actividades como o coidado dos cabalos, monta, paseo, visita ás cuadras e unha comida de confraternidade entre todos os participantes.



Nerea Iglesias, do Ayude, coa Selección



Nerea Iglesias, da Escola Ayude de Santiso, foi convocada coa Selección Nacional Júnior nas instalacións do Consello Superior de Deportes en Madrid. Nerea, que aínda é cadete de un ano, viaxa a Madrid convocada coa Selección para mellorar o seu rendemento deportivo de cara á temporada e compromisos internacionais. Na foto, Nerea Iglesias quinta pola esquerda.

Cantón de San Roque

Emilio Ares

A comunicación é a base para o entendemento entre as forzas vivas que nos gobernan e o pobo, sobre todo nun mundo tan globalizado e informatizado no que todos temos a un clic de distancia e mediante calquera motor de busca a información desexada das distintas inversións municipais.

Nunca antes puidemos acceder a tantas redes sociais e universais que fan que calquera proxecto sexa localizable. A lista é interminable. Nunca tivemos tanto acceso a tanta información; e a información é todo. Por iso nunca na nosa historia estivemos tan faltos de excusas para xustificar o fracaso. Non é de recibo que unha obra como a do Cantón de San Roque non se lle consulte ao pobo antes de proxectala. Non nos serve de desculpa que en dúas ocasións presentaran un proxecto enmarcado nun programa da Consellería de Medio Ambiente. É unha pena, pois cunha pequena inversión e un mínimo de esforzo poderían habernos presentado unha preciosa maqueta, tendo en Melide ademais a un dos mellores maquetistas galegos: Carlos Varela Expósito.

Dos moitos esforzos que un desenvolve na creación dun proxecto, a clave é crer no mesmo, por iso a colaboración veciñal é fundamental, e o primeiro chanzo é identificar o pobo co mesmo. Se se cala, dáse imaxe de fracaso por indeterminación.

Nun momento descubres que tes o poder de manexar o barco co teu propio vento e crees que a porta do éxito non está no pobo, senón en ti, en vós, nos que nos gobernades; pero ese barco, o voso barco móveo o vento do pobo, e o día que ese vento se acabe... quedades sen barco.

Cambian os tempos, ou só cambian as formas

Xosé Núñez López

Acostumamos a dicir “como cambian os tempos!”, ou tamén “como pasa o tempo”, pero eu penso que ningunha destas expresións é a correcta xa que o tempo non pasa, quen pasa é a vida, porque o tempo segue aí coma sempre, tan só cambian as formas e, sobre todo, cando nos referimos aos medios de comunicación de hoxe entre as persoas.

Por poñer un exemplo, ata non hai moitos anos nos pobos de Castela as xentes sen traballo, xubilados etc, xuntábanse nas prazas para falar con todo o mundo e tamén á espera de que alguén os viñera a buscar para ir a traballar. En Galicia facíano nas fontes e nos lavadoiros as mulleres, e os homes na taberna, se a había, ou senón na casa dalgún veciño para botar a partida ás cartas.

Hoxe en día, mulleres, homes e rapaces de todas as idades xa non teñen que xuntarse en nin-

gún lugar porque o fan directamente dende calquera sitio onde se atopen, e mesmo andando pola rúa a pé, en bici ou en coche, por medio de WhatsApp, Twitter, o móbil, tabletas, Facebook, etc, e de seguro que dentro de poucos días, meses ou anos, xa poderemos facelo por outros medios mais modernos. Todo será posible porque a tecnoloxía que se botou a andar non fai moitos anos non para de inventar cousas novas que en parte tamén nos quitan cartos e tranquilidade.

Sen embargo, principalmente nos nosos pequenos pobos e aldeas aínda quedan moitas cousas inmutables que ao longo de todos os séculos pasados non cambiaron; por exemplo a forma de identificar as persoas. Seguimos dicindo: Xosé de Taboada, Ramón de Sánchez, Maruja de Laureano, María de Ayude ou Pepe de Consuelo, que era a mesma

forma que se empregaba para denominar ás persoas mesmo cando aínda non existían os apelidos.

Tamén resulta curioso recordar o profundo respecto que en datas moi antigas se lle tiña no rural galego ás persoas maiores, sobre todo por parte dos fillos. Non sei se era exactamente respecto ou costumes demasiado antigas, porque incluso aos fillos xa casados non se lles permitía fumar diante dos pais. Relacionado con isto quero rematar este sinxelo traballo cunha curiosa anécdota; recorde que nunha familia da aldea de Seoane-Visantoña, cando estaban arando no agro co arado romano un pai díxolle ao fillo mozo que lle chamaba as vacas, “para aí oh!”, e puxéronse a fumar un cigarro cada un con toda normalidade. Aquel “insólito feito” foi criticado daquela polos veciños como se case se tratase dun pecado mortal.

Suave. Cremoso. Nutritivo.

Queixo Arzúa-Ulloa

O tradicional queixo galego

Certificado pola
Denominación de Orixe Protexida

queixo@arzuu-ulloa.org
Tfno. e fax: 981 50 76 53

DE NOMINACIÓN DE ORIGINE
Arzúa-Ulloa

XUNTA DE GALICIA

MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

FEADER:
Europa inviste
no rural

CORAZÓN DE TINTA



Atrapada

Neses luceiros vin felicidade
pureza nos teus dedos

Perderme no teu mundo
e percorrer cada centímetro

Pero sei que algo ocultas
neses enredos de tristeza
podo ver como sofres

Diamantes de cristais
caen dos teus luceiros
alguén quere apagar a túa luz
e ti cosida

non consegues escapar.

Laura Liñeira Somoza
Alumna do IES Melide

Mortem

O corazón deixou de latexar
Para sempre

-Ese mesmo que onte
comezaba a latexar?

No momento en que abriu os luceiros
brillaban coa forza de mil soles
e parecía que ninguén o derrubaría

pero non.

As aves do demo fan piruetas na ventá
para chamar por ela.
E o meniño só espera quedo
a durmir un soño eterno.

Helena Díaz Rodríguez
Alumna do IES Melide

CHUVIA DE PAPEL



A VIDA É NOSA

Benito, de 52 anos, natural e residente en Cambados, era xefe do cuartel da Garda Civil de Rianxo e levaba dende os 34 casado con Marta, de 46 anos. Pola súa parte, Marta traballaba na conserveira da vila, Cambados S.A., e aínda que ela nacera e se criara en Ortigueira, levaba 18 anos vivindo nas Rías Baixas co seu home.

O matrimonio residía nun chalé afastado do núcleo urbano da vila coa nai de Benito, María, que xa roldaba os 80 anos, e os seus dous fillos, Marco e Lucía, de 12 e 6 anos respectivamente.

Benito traballaba unicamente as tardes de luns a venres para así aproveitar a fin de semana e ir de xolda cos seus colegas ou animar o Celta de Vigo no seu bar de confianza.

Na contra, Marta optara por coller a quenda de madrugada na conserveira e así ter as tardes libres para coidar a súa sogra, facer as tarefas do fogar ou levar os fillos ás actividades extraescolares: fútbol para Marco e ballet para Lucía. Benito nunca puxera o lavalouza.

Marta non se acordaba da última vez que quedara a tomar algo coas amigas.

Aquel luns pola mañá, Benito conducía o coche familiar no que ía coa súa muller e os seus fillos. Dirixíanse á consulta médica de Pedín onde vacinarían os nenos. Circulaban pola Avenida de Vilariño a máis velocidade da permitida nese tramo cando, de súpeto, un coche cun L no espello de atrás se incorporou á vía saltando un sinal de stop. Benito manobrou rapidamente mentres lanzaba insultos ao aire, e cando conseguiu ollar o piloto daquel vehículo soltou un:

- Muller tiñas que ser.

Nesta frase, probablemente dita de maneira automática, vén escondido un problema social moi grave actualmente: o machismo.

O machismo está presente en cada ámbito da nosa vida e témolo tan interiorizado que moitas veces ata custa ver os machismos aos que estamos expostas. Vivimos nunha sociedade tremendamente patriarcal e, a pesar da evolución dos últimos anos, a muller segue sendo vista unicamente como obxecto de pracer masculino, sen opinión, sen voz propia.

Na vida diaria de Marta o machismo, os micromachismos ou os roles de xénero son moi abundantes.

As mulleres levamos dende o principio dos tempos vivindo nun cisheteropatriarcado, resistindo malamente a séculos de forza, sendo renegadas ao ámbito do fogar e sen pensamento crítico ou político válido, coa vida programada nada máis nacemos: casar, ter fillos, crialos e morrer. Dende ese momento comeza a imposición patriarcal. Todas coñecemos o conto do valente príncipe que rescata unha fermosa princesa e casa con ela cativado pola súa beleza. A todas nos ensinaron que os nenos como Marco xogan ao fútbol e as nenas coma Lucía fan ballet; que un home que estea con moitas mulleres é un campión e unha muller que estea con moitos homes é unha guarra; que o feminino dos adxectivos se forma a partir da forma orixinal masculina; que é normal que as mulleres cobren un 23% menos que os homes desempeñando a mesma función, ou que unha muller asasinou o seu home e unha muller presuntamente morreu a mans da súa parella e coma ela, outras 50 mulleres son asasinadas cada ano unicamente en España.

Nun mundo no que todo o que nos rodea son machismos, o feminismo é a nosa única salvación. Busquemos como sociedade erradicar o machismo nas aulas e implantar o feminismo na vida cotiá, no traballo e no ámbito familiar.

Porque seguiremos aquí, aturando tempestades de sal e loitando por romper as cadeas que só desatará a morte.

A vida é nosa e é moi triste loitar por ela, pero tamén moi necesario.

Zaira Miguélez Buján
Alumna do IES Melide

“Xeados, tostas, hamburguesas... todo o que temos tamén se pode pedir para levar”

Deron vostedes os seus primeiros pasos na Coruña?

Sandra Aldrey (S.A.): Si, alí abrimos un pequeno obradoiro pero eu sempre tiven claro que quería volver para o rural, que quería estar no rural, e decidímonos por Melide, porque é céntrico, tamén está preto de Santiago e conta co atractivo do Camiño e os peregrinos.

Teñen en mente abrir novos puntos de venda?

S.A.: Si, temos en previsión abrir algún máis. Estamos indagando e buscando diferentes emprazamentos, sempre pensando na contorna rural e do Camiño de Santiago.

Destaca vostede a importancia do rural e vén ademais de recibir un premio relacionado co mesmo, como se sente?

S.A.: Pois sorprendida porque non é habitual galardoar un proxecto tan novo e a unha empresa tan pequena e familiar como a nosa; hai moitas outras empresas que ao igual que a nosa están espalladas por todo o rural galego. A verdade é que me sinto moi agradecida polo recoñecemento que nos deron, e xa non só a min como muller, senón a nós como familia. Ademais, o rural é parte da idiosincrasia do noso proxecto: somos do rural, potenciamos o rural e, evidentemente, queremos estar no rural, así que moi contenta.

Co Nadal xa encima, teñen algunha novidade para esta época do ano?

S.A.: Si, partindo de que o xeado en Galicia aínda se ve como algo estacional, o que intentamos de cara ao inverno é buscar novas ideas, novas alternativas e sempre tratando de potenciar o noso produto ao longo de todo o ano. Así por exemplo, contamos con sabores novos en vitrina, máis encamiñados a esta época do ano como poden ser os xeados de turrón, un xeado de cava, temos tamén chocolate quente para levar, filloas e os produtos da outra empresa que xestionamos baixo o nome de Aldea de Barrio, e que son hamburgue-

Comezaron na súa granxa de Grixalba, en Sobrado, co leite das súas vacas. Tras varias xeracións dedicándose ao mesmo, sumado á crise que atravesou o sector lácteo, decidiron transformar o seu leite nun produto con valor engadido e, para iso, apostaron polo xeado artesán. Na actualidade, os xeados de Borboriño xa poden atoparse, ademais de na tenda física de Melide, en establecementos como Garceiras ou Casa Alongos.



Arriba, Sandra Aldrey no obradoiro. Abaixo, diferentes tipos de xeado que elaboran, unha tarta de filloas, filloas con chocolate e os embutidos e queixos que tamén teñen á venda en Borboriño



sas coa nosa carne, tostas, etc, sempre utilizando a nosa materia prima.

Todos os seus produtos son artesanais?

S.A.: Si. Ademais intentamos, sobre todo dende que viñemos para Melide, que todo sexa produto de proximidade, dende o licor café que podemos empregar e que compramos a produtores locais como pode ser Casa Mejuto, ata as froitas que levan os xeados. Do mesmo xeito, intentamos controlar todo o proceso de elaboración, dende o leite que é noso e vén fresco pola mañá, ata os produtos que compramos escolléndoos entre o mellor do mercado.

Algún segredo para facer un xeado de boa calidade?

S.A.: Máis que segredo, eu creo que o que nos diferencia é que o leite é noso. Pola mañá moxen o leite en Grixalba e tráeno fresco. E despois, é necesario tratar todas as materias primas do xeito máis natural posible, para que o produto final sexa de calidade.

Tamén elaboran vostedes os produtos para levar, non si?

S.A.: Si, é outra das novidades coas que contamos. O produto que nós facemos aquí, tanto os xeados como as hamburguesas, as tostas ou as filloas, tamén poden pedirse para levar. E tanto poden pedilos para levar no momento como chamar e facer un encargo para unha cea de Nadal, para unha comida ou para vir a buscalos dentro dunhas horas. Por exemplo, unha idea moi demandada nos últimos tempos é acompañar a sobremesa de Noiteboa cun xeado, pois nós facémosche ese xeado sen problema para esa cea, chámansos, encárgalo e só tes que vir a recoller o teu pedido. E o mesmo pasa co resto de produtos, todo o que temos é para levar, sexan hamburguesas, filloas recheas, tostas, etc.

Borboriño Xeado

**Tif: 881 99 05 50
Rúa San Pedro, 5**

B Sabadell



PROgresar:

Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales.

¿Quieres progresar? Nosotros te ayudamos. Financiamos hasta el 100% de tus proyectos profesionales con condiciones exclusivas, un tipo de interés preferente y comisiones reducidas.

Si eres miembro de la **Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM)** y buscas promover tu trabajo, proteger tus intereses o tus valores profesionales, con **Banco Sabadell** puedes. Te beneficiarás de las soluciones financieras de un banco que trabaja en PRO de los profesionales.

Llámanos al 900 500 170, identifícate como miembro de tu colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.

bancosabadell.com



**Captura el código QR y
conoce nuestra news
'Professional Informa'**